O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para reverter a situación de fuga de talento e emigración forzosa que sofre a mocidade galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mocidade galega vive unha situación límite, cun mercado de traballo marcado pola precariedade e a temporalidade laboral, cunhas altas taxas de desemprego e cun acceso á vivenda negado á mocidade, onde, actualmente, só 1 de cada 5 mozas galegas ten posibilidade de alugar ou mercar un inmovible.

Ante a falta de plans e ferramentas por parte da Xunta de Galiza para reverter esta situación, unha parte importante da mocidade galega vese forzada á emigración. Segundo datos da EPA, preto de 100.000 mozas emigraron do noso país da última década por non ter a posibilidade de desenvolver un proxecto de vida digno na nosa terra.

Isto é un grande problema para un país cada vez máis envellecido e que presenta un devalo demográfico importante, onde a mocidade representa cada vez menos peso na composición demográfica galega.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Foro Económico de Galiza vén de publicar un informe que fai referencia aos custes económicos e tamén sociais da expulsión da mocidade do noso país.

Este informe fai fincapé no fenómeno denominado “fuga de talento”, que non é máis que a emigración forzosa de mocidade cunha titulación superior que non xera ningún tipo de valor no noso país, ao non ter capacidade de desenvolver aquí a súa actividade.

O informe do Foro Económico de Galiza estima unha perda de entre **178 e 311,5 millóns de euros por ano** derivados dos custes de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país.

Nun contexto de crise industrial, laboral e demográfica como nunca viu este país, esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1500 nacementos menos, segundo o informe do Foro Económico de Galiza.

O propio informe advirte das dificultades no estudo desta cuestión, que se ben é fundamental para o futuro do noso país, “non se conta con estatísticas oficiais apropiadas”. Unha carencia, din, que pon en evidencia a “despreocupación” existente e a necesidade de procurar “datos específicos e obxectivos” para coñecer de primeira man as razóns e consecuencias da marcha forzosa da mocidade con titulación universitaria.

Para mudar esta situación son precisas medidas que atallen os problemas estruturais que padece a economía galega. Consideramos que é fundamental aproveitar as potencialidades de Galiza, apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, apostar porque o noso tecido produtivo teña crédito para levar a termo os seus proxectos de investimento.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A maiores das medidas xerais que impulsarán o dinamismo da economía galega, é preciso actuar de inmediato e de xeito concreto para que as mozas e mozos galegos teñan traballo digno na nosa terra, acorde co seu nivel formativo, e para aproveitar o investimento que supón ter a xeración mellor formada da historia e que reverta na prosperidade da nosa nación, impulsando o retorno ao país da mocidade emigrada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar medidas destinadas a revertir a situación de fuga de talento que vive o noso país, facilitando o acceso a un traballo digno para a mocidade, aumentando o investimento en I+D+I, o apoio aos sectores produtivos e industrial e facilitando o acceso ao alugueiro de vivenda para a mocidade.”

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 13:31:07**

**Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 13:31:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 13:31:22**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo de alerta sanitaria causada polo Covid-19. En concreto a Xunta informaba de que asignarían 500.000 novas horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, así como unha maior aportación económica ao servizo, respecto do SAF ordinario. En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia no SAF ordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o custe dos mesmos.

O día 30 de novembro a Xunta de Galicia anunciou que retira este servizo extraordinario aos usuarios dependentes que dada a situación epidemiolóxica estaban percibindo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que as condicións deste servizo teñen que ser as que motiven o SAF ordinario, tendo en conta que a aportación da Administración autonómica no SAF extraordinario foi de 12 euros por hora, e asumiu o copago dos usuarios.



As administracións locais fixeron un gran esforzo económico para paliar as consecuencias da pandemia provocada pola Covid-19. Un dos maiores gastos locais para moitos dos concellos é o coste que supón o SAF pola ausencia da actualización da cota que a Xunta ten que aportar ao servizo.

Polo tanto nun momento de crise sanitaria, consideramos que é urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total de usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto, así como aumentar a aportación que fai por parte da Administración a este servizo polo menos aos 12 euros como si aportou no SAF extraordinario.

Por outra banda, dende que se iniciou a pandemia, moitos usuarios déronse de baixa voluntaria, feito que deriva en que esas horas non están a disposición de novas altas, pero tampouco se están aplicando. Polo tanto a Xunta ten que asumir o custo desas horas para evitar que as propias auxiliares teñan dificultades laborais ao non completar a xornada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:





“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que aumente a achega da Administración autonómica do SAF ordinario, así como que elimine o copago dos usuarios e sexa asumido pola Administración.

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 14/12/2020 15:54:42**

**Julio Torrado Quintela na data 14/12/2020 15:54:53**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 14/12/2020 15:55:02**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación que se está a dar na atención sanitaria da comarca do Baixo Miño.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comarca do Baixo Miño está a padecer na actualidade unha situación sanitaria marcada polas deficiencias e o desmantelamento da súa sanidade pública.

Ademais de atoparnos ante unha comarca na que dende hai meses está pechado o consultorio de Goián e padece evidentes na deficiencias da sanidade pública no Concello da Garda, é necesario destacar tamén as carencias no centro sanitario de Tomiño. Unha localidade de 14.000 habitantes cunha atención sanitaria que está a amosarse totalmente insuficiente. Estas necesidades agrávanse debido ás condicións de dispersión poboacional que se dá, na comarca, así como debido a gran extensión territorial que abarca a atención sanitaria deste centro de saúde.

Así mesmo, no concello do Rosal, a veciñanza e o propio goberno local levan meses movilizándose para defender a súa atención primaria e denunciar os recortes na sanidade pública.

A esta realidade que supón importantes problemas para a veciñanza de toda a comarca, hai que engadir o feito de que a distancia e o tempo de desprazamento (case





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

hora) que separan estas localidades do hospital de referencia, implican que estes centros de saúde teñan que soportar unha maior demanda de pacientes, que en moitos casos se achegan ao centro de saúde con cadros médicos urxentes.

Pero se estes problemas coa dotación de persoal e as carencias dos centros de saúde son xa preocupantes de seu, a situación agrávase coa práctica habitual do ser SERGAS de non cubrir as ausencias dos profesionais sanitarios nestes centros de saúde. Con esta práctica na que non se lle dá cobertura as baixas, vacacións ou ausencias de calquera índole dos profesionais sanitarios, os cupos sanitarios increméntanse de xeito exponencial, o que conleva problemas e demoras na atención primaria que teñen un importante impacto tanto nos facultativos (con días nos que teñen que atender a máis de 50 pacientes) como na veciñanza (que se atopa privada das súas citas médicas por non haber substitutos)

Xa no que ten a ver co servizo de pediatría, a realidade agrávase máis se cadra. As carencias neste servizo en toda a comarca implican que en moitos momentos non se poida dar un servizo sanitario digno á poboación do Baixo Miño e que mesmo algúns dos centros de saúde, como o de Tomiño, fiquen sen atención pediátrica cando non se cobren as ausencias e algún profesional ten que realizar saídas para atender urxencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar os centros e saúde do Baixo Miño do persoal sanitario necesario para garantir unha atención primaria de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que se proceda á substitución das ausencias dos profesionais sanitarios destes centros de saúde.

3. Que se solucionen os problemas nas infraestruturas sanitarias do Baixo Miño, en especial no relativo ao centro de saúde da Garda.”

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/12/2020 13:16:20**

**Iria Carreira Pazos na data 15/12/2020 13:16:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/12/2020 13:16:34**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na actualidade a participación activa de cidadanía na vida pública é incuestionable, polo que é necesario ter acceso á información para que lle permita ter unha opinión fundamentada a través de información accesible, verídica e contrastable sobre a súa gobernabilidade.

Os e as socialistas consideramos que para que a cidadanía teña acceso a esa información de xeito transparente, accesible e que chegue á maioría das persoas, debe estar dispoñible no maior número de canles con actualizacións inmediatas, de acordo coa normativa vixente en materia de transparencia.

Os casos de corrupción coñecidos nestes anos, así como o malgasto inxustificado de recursos públicos xeraron na cidadanía desafección e desconfianza respecto das institucións públicas, que son vistas como algo negativo causante de problemas e non como un medio para mellorar a vida da cidadanía no seu conxunto.

Xa que logo, os recursos públicos teñen que ser utilizados de forma moi escrupulosa, pero tamén optimizando os seus rendementos económicos e sociais, polo que resulta imprescindible crear novos instrumentos de control parlamentario, para que a rendición de contas do executivo se corresponda coa proximidade dos feitos; así como potenciar o debate político, coa mellora dos mecanismos de información e control, en torno aos retornos económicos e sociais do gasto público, para que dende o Parlamento se poida exercer un control eficaz da acción do goberno.

O gasto público desenvolvido polas administracións públicas é o brazo executor do goberno. Trátase de poder poñer en marcha todas aquelas políticas públicas dirixidas a actuar sobre os desequilibrios económicos e sociais, aumentando a solidariedade entre o conxunto da cidadanía e loitando contra a desigualdade.



Só podemos reforzar o sistema democrático diante dos populismos, dende unha esixencia ética máxima, loitando contra a corrupción con determinación, impedindo a confusión entre intereses particulares e o interese público. Nun contexto de dificultades económicas para tanta xente, e ante o crecemento do escepticismo; o poder político debe garantir transparencia nas súas actuacións, en particular a relación entre os resultados acadados pola acción pública e os recursos investidos nelas. E esta información debe resultar fácil e accesible á cidadanía a través das diferentes *webs* institucionais, tendendo á súa centralización.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

1º. O Parlamento galego acorda crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia, como órgano de asesoramento técnico da Cámara en materia económica e orzamentaria.

2º O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- a) Adoptar mecanismos de avaliación de servizos públicos nos que se teña en conta a satisfacción das persoas usuarias a través de enquisas de servizos.
- b) Crear unha oficina de avaliación de políticas públicas que establecerá un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos destinados a medir a eficiencia, a eficacia e a efectividade social das accións das diferentes consellerías.
- c) Publicar todas as facturas fiscalizadas pola Xunta de Galicia dunha contía superior a 2.000 euros.
- d) Prohibir á Administración contratar con empresas con sentenzas firmes por casos de corrupción, financiamento ilegal ou sentenzas condenatorias en materia laboral, respectando as previsións contidas na normativa de contratación do sector público.
- e) Implantar cláusulas sociais para evitar a precariedade do emprego nas empresas beneficiarias de emprego público, así como revisar o cumprimento das ditas cláusulas.



f) Publicar unha base de datos anual con todas as adxudicacións, licitacións e subvencións concedidas polos distintos departamentos. No caso das adxudicacións e as licitacións, publicaranse tamén os informes técnicos elaborados, así como a puntuación recibida por cada un dos participantes no concurso.

g) Establecer unha senda de progresividade para conseguir que en catro anos o 95 % das subvencións sexan de concorrencia competitiva. Ademais, cada expediente de subvención contará coas mesmas garantías avaliáveis que as contratacións, incluíndo os obxectivos que se perseguen conseguir e, como criterio de xustificación, publicación dunha memoria que recolla o grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos.

h) Desenvolver un programa de control dos grupos de presión. Creando un rexistro destes, e desenvolvendo un manual de boas prácticas e transparencia que regule a relación da Administración e os grupos de presión.

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/12/2020 13:26:19**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/12/2020 13:26:32**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/12/2020 13:26:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o centro de protección de menores Santo Anxo (Rábade) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o seu correcto funcionamento e o desenvolvemento do proxecto educativo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con doce centros de protección de menores. Un deles é o Santo Anxo, situado no Concello de Rábade, que ofrece acollemento residencial a rapaces e rapazas (de entre 14 e 18 anos) que se atopan baixo a tutela ou a garda da Xunta de Galiza porque non poden permanecer residindo coa súa familia. Alén diso, a maior parte dos internos, conta con expedientes xudiciais pendentes de resolver ou están cumprindo medidas xudiciais en medio aberto.

O Santo Anxo é, polo tanto, un centro de protección específico de menores con problemas de conduta, de acordo co disposto na Lei 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O obxectivo deste tipo de centros –en tanto que servizo público-- *é proporcionar ao menor un marco adecuado para a súa educación, a normalización da súa conduta, a*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*súa reintegración familiar cando sexa posible, e o libre e harmónico desenvolvemento da súa personalidade, nun contexto estruturado e con programas específicos no marco dun proxecto educativo.*

Porén, malia a traxectoria deste centro e a súa referencialidade, nos últimos meses veu rexistrando situacións graves que evidencian a imposibilidade de cumprir cos seus obxectivos.

Neste senso, e como puxeron en coñecemento da propia administración as traballadoras e traballadores do centro, foron frecuentes os casos de conflictividade das persoas internas, amotinamentos e fugas.

Situacións que lonxe de mellorar van en aumento até se volver, na práctica, constantes nun desafío permanente que impide ao persoal educador non só desenvolver o seu traballo senón garantir o dereito das rapazas e rapaces do centro a recibir a atención e educación que merecen e necesitan.

De feito, en diversos escritos dirixidos á Xefatura Territorial de Política Social da provincia de Lugo, o equipo de educadoras e educadores reclamou da Xunta de Galiza a adopción de medidas que permitan controlar e enfrontar a situación ao tempo que garantir o desenvolvemento do proxecto educativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Desenvolver un estudo sobre a situación do centro de protección de menores Santo Anxo de Rábade que conte coa participación do persoal do centro, co obxectivo de determinar as eivas, deficiencias e carencias do mesmo así como indicar as mudanzas necesarias para garantir o correcto funcionamento do centro e o desenvolvemento do proxecto educativo.

2. Introducir as reformas que sexan necesarias na normativa do centro para adaptar o modelo de intervención e educación ao perfil das rapazas e rapaces internos dotando o persoal dos protocolos necesarios para tal fin.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 16/12/2020 09:18:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2020 09:18:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2020 09:18:29**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o transporte no encoro de Portodemouros.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1959 a empresa **Hidroeléctrica Moncabril SA** presenta unha solicitude de aproveitamento integral da cunca do río Ulla que se resolve mediante Orde Ministerial de 10 de novembro de 1962 pola que se lle **outorga unha concesión para o aproveitamento integral da cunca do río Ulla mediante a construción de oito saltos denominados** Belmil, Portodemouros, Ledesma, Lamas, Fornelos, San Paio, O Pereiro e Padrón, nos concellos de Antas de Ulla e Palas de Rei en Lugo, Arzúa, Boqueixón, Melide, Padrón, Santiso, Touro, Teo e Vedra na provincia de A Coruña, e Agolada, A Estrada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na de Pontevedra. **De todos eles só foi adiante o de Portodemouros.**

A anterior concesión foi transferida, tamén por Orde Ministerial de 8 de outubro de 1971, a favor da sociedade Unión Eléctrica S.A., e o 7 de xullo de 1979 a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas aprobou a transferencia a favor de Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A. (Fenosa).

Cando se realiza a obra a xente comeza a ver a realidade das dimensións do encoro e os problemas que vai xerar na comunicación. Antes había pontes dabondo para





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunicar as poboacións de ámbalas dúas marxes dos ríos Ulla, e iso para traballar as fincas e realizar a actividade económica e social indistintamente en ámbalas dúas marxes.

E así, a xente comeza a mostrar a súa disconformidade aparecendo as primeiras mobilizacións reclamando as pontes asolagadas e o dereito a se trasladaren dunha beira a outra do encoro. Son os cregos da zona, nada sospeitosos de criticar o réxime franquista, quen encabezan a organización destas protestas e as reclamacións administrativas. Chegaron ata a organizar unha viaxe a Madrid coa finalidade de entrevistárense con Franco para expoñerlle a situación de inxustiza á que se vían sometidos, mais este negouse a recibilos.

A concesión obrigaba a Moncabril S.A. a presentar un proxecto de reposición de servidumes. Construír nese momento unha decena de pontes era impensable e ademais a empresa sempre se negou á súa reposición. O que si se falou foi de solucionar o problema por medio dunha barca para comunica-las dúas marxes do río.

Por OM de 30 de Marzo de 1968 apróbase o proxecto de servidumes afectadas polo encoro de Portodemouros. Esta resolución é recorrida, e por OM de 21 de Febreiro de 1969 declárase a suspensión da resolución anterior.

Estudase a conveniencia de habilitar unha barcaza de paso coa finalidade de solucionar de forma proporcionada o problema de comunicación que se plantexa.

O 3 de marzo de 1969 publícase unha resolución pola que se lle obriga á empresa a presentar o devandito proxecto de reposición das servidumes. A empresa presenta un estudo para a instalación da barcaza e ábrese un período de alegacións. Os veciños e veciñas non están de acordo, recórren e seguen reclamando a ponte coma solución aos problemas de paso.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ábrese un período de negociacións sen que se chegue a ningún acordo satisfactorio para ambas partes.

Na madrugada do 17 de xuño de 1973, o día da festa de Beigondo (Santiso) á volta da romaría, morren afogados cinco mozos veciños de Loño. Cruzaban nunha barca de madeira feita sen as debidas medidas de seguridade por non haber outro medio. Botaron 19 días buscando neles. Houbo un funeral e unha grande manifestación de dor. Presidiu a celebración o arcebispo de Santiago que na súa homilía fixo alusión á inxustiza que supón a falta dun paso razoable. Debeu ser este feito e a furia que provocou nas xentes o que acelera o proceso de reposición das servidumes.

A Comisaría de Augas do Norte de España fixa 3 meses de prazo á empresa contados a partir do 9 de xaneiro de 1974 para que presente un proxecto de paso por medio dunha barcaza de acordo co expresado na OM de 21 de febreiro de 1969. ***Pasarían persoas, gando e un carro do país coa súa xugada que poida virar cargado dentro da barca.*** Tamén se obriga a habilitar asentos para acomodar a 12 persoas. A embarcación deberá estar deseñada para soportar unha carga de 15 Tm sobre a cuberta.

O proxecto sométese a información pública. Os concellos de Arzúa, Santiso e mailos veciños presentan alegacións que non son atendidas. Os veciños e veciñas continúan a reclamar as pontes, Fenosa responde que a barcaza cobre tódalas necesidades de comunicación.

O 27 de Marzo de 1974 preséntase na Comisaría de Augas do Norte de España o proxecto de paso da barca no encoro de Porto de Mouros

O MOP resolve aprobar o proxecto de barcaza por OM de Obras Públicas de data 22 de Maio de 1975 suscrito na Coruña en marzo de 1974 polo doutor enxeñeiro naval D. Domingo Álvarez-Arenas Caramelo e fixa un prazo de dous meses a FENOSA





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para que presente un novo proxecto dos accesos ós lugares de atraque e desatraque da barcaza.

Instálase a barcaza cun horario de servizo de 24 horas, 365 días ao ano e establécese a gratuidade para todos os usuarios.

A xente non está de acordo por considerar unha solución inadecuada para solucionar as necesidades de comunicación, pero aínda así entra en funcionamento. Convócanse mobilizacións de protesta e as reclamacións dos veciños e veciñas reciben a solidariedade de xentes de toda Galiza que acoden ás manifestacións.

En decembro do 77 hai un peche na Central por un período dun mes, ata mediados de xaneiro. Participan familias enteiras pechadas no túnel da Central. Fixeron lume porque ía moito frío, o fume penetrou na sala de máquinas causando interferencias no funcionamento da central. Daquela o lume acrecentouse coa queima de rodas e o fume aumentou. Viñeron os antidisturbios e houbo de todo: disolución da concentración e detencións de veciños que foron conducidos aos calabozos de Lalín. Manifestación multitudinaria en Lalín pedindo a liberdade dos detidos. Houbo xuízo na Audiencia de Pontevedra e 4 veciños foron condenados.

Debido a este conflito convócase unha reunión na Deputación de Pontevedra entre Fenosa, veciños e veciñas de 14 parroquias afectadas e os dous Gobernadores Cívís (Pontevedra e A Coruña) parece ser que propiciada polo gobernador de Pontevedra. A veciñanza acode liderada polo crego de Loño. A intención da reunión é a de buscar unha solución ó problema.

Os representantes das 14 parroquias afectadas reclamaban os pasos que posuían antes da construción da presa **ademais do acceso ás fincas que confinan coa cota máxima do encoro.**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nun momento da xuntanza o Gobernador Civil preguntou se construíndo a ponte de Coído (Beigondo) e Reboredo (Loño) podía quedar resolto o conflito. Os representantes veciñais reclamaban a restitución das pontes que posuían con anterioridade á construción do encoro. A continuación rematou a xuntanza sen acordo.

En Outubro de 1998 acontece un accidente no lago Bañolas en Girona. Morren 20 persoas nun accidente dun ferry o que provoca que se realicen inspeccións por todo o estado nas embarcacións dedicadas a transportes fluviais e se revisen as condicións de seguridade que estas deben cumprir.

No ano 2.002 aparece un cartel nas inmediacións da barcaza comunicando a redución da capacidade de carga de 15 a 5 Tm por non cumprir as condicións de seguridade. A xente volve alporizarse e constitúese a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros (17-06-2002) que canaliza as reclamacións.

Mantéñense negociacións co Presidente de Augas de Galiza, dependente nese momento da Consellería de Medio Ambiente, que é o organismo que ten as competencias para esixir que se cumpran as condicións do paso e se manteñan nunha situación óptima, e tamén con representantes de Fenosa. Reclamaban aumentar a capacidade de carga e mailas dimensións da barcaza e dos accesos para adaptar as condicións do paso ás necesidades actuais dos usuarios.

Fenosa presenta en 2005 un proxecto para redimensionar a embarcación e ábrese un proceso de alegacións. A empresa accede a adaptar a embarcación para soportar e transportar maquinaria dunhas dimensións de 13 m de longo e 20 Tm de carga sobre cuberta, ademais de persoas, vehículos utilitarios etc. Este proxecto apróbase o 4-1-2007.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Era de supoñer que para estas novas condicións se modificarían tamén as ramplas de acceso á barcaza que estaban adaptadas ás condicións anteriores. Tiñan 7 metros de ancho cos que non é posible que acceda un vehículo de 13m.

A sorpresa dos usuarios púxose de manifesto cando comprobaron que non se modificaron as dimensións das ramplas. Comezan novos movementos de protesta veciñal, e fanse peticións de entrevistas coa Conselleira de M. Ambiente para esixir o incremento das dimensións das ramplas.

En 2.011 celébrase unha xuntanza no Concello de Vila de Cruces entre representantes da empresa concesionaria, Asociación de Afectados, Alcaldes de Santiso, V. de Cruces e un representante de Augas de Galiza, dependente por esas datas da Consellería de M. Ambiente, que era quen tería que esixirle á empresa a adaptación das ramplas de acceso, posto que é este organismo o que ten a responsabilidade de velar polo cumprimento das condicións da concesión administrativa do encoro.

A Asociación de afectados demandaba un estudo de enxeñaría para fixa-las dimensións das ramplas de acceso e tamén establecer as condicións de seguridade. Ese estudo non se fixo e a empresa decidiu unilateralmente que cun aumento de 2m abundaba.

Os veciños puxeron obxeccións manifestando que consideraban que o ancho de 9m das ramplas era insuficiente para o acceso de vehículos de 13m de longo, tal e como se establece nas condicións da concesión, e que en todo caso non deberían ter unhas dimensións inferiores a 13m. O representante de Augas de Galiza non fixo ningunha intervención polo que os e as asistentes á xuntanza observaron un abandono de súa responsabilidade.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A proposta deste aumento de 2m na anchura, en toda a lonxitude correspondente de cada rampla en ambas ladeiras do encoro non se concluíu. Está realizada aproximadamente o 50% da obra coa consecuencia de que cando baixa o encoro temos unhas dimensión das ramplas aínda mais reducidas (7m).

O intento de acceder con maquinaria próxima aos 13m de lonxitude demostra que os 9m de ancho das ramplas son claramente insuficientes para que poidan acceder eses vehículos.

A barcaza cando se instalou no 1974 era un apaño de desguace, ten avarías frecuentes quedando sen servizo por períodos de tempo inasumibles para os usuarios. Hai que recordar que é un servizo público gratuíto prestado pola empresa concesionaria con cargo a súa conta de explotación e non pode interromperse salvo causa de forza maior.

Vaia como exemplo unha avaría mecánica acontecida no comezo de 2018. Os usuarios estiveron sen servizo cerca dun mes e nin os Alcaldes nin a Asociación de Afectados tiveron unha comunicación da xustificación do tempo de suspensión do servizo. Observouse que se traballaba na reparación dunha maneira ralentizada habendo unha soa quenda de traballo. Consideramos que ao ser un servizo público deberíanse axilizar os traballos.

A iluminación das instalacións é insuficiente chegando a non existir na vertente de Loño (Pontevedra) polo que consideramos que este feito incide nunha falta de seguridade para os usuarios provocando incluso que algún vehículo teña caído ó encoro por falta de sinalización.

As comunicacións da suspensión do servizo fanse cun cartel nas proximidades da embarcación, cando consideramos que se debería facer ademais por outros medios





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

(radios locais, redes sociais, Concellos etc.). Transporta unha media de 20.000 vehículos/ano e unhas 50.000 persoas aproximadamente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observar a barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy, e que se poderían resumir en:

1. Dotación dunha nova barcaza que evite as avarías frecuentes da actual con capacidade como mínimo para 20 Tm de carga sobre cuberta e un espazo de 13 metros de longo para albergar esa carga sobre a embarcación.

2. Modificación do ancho actual das ramplas de acceso á barcaza de 9m, e 7m no último tramo ó que estableza un proxecto de enxeñería que consideramos que non debería ser inferior a 13m en toda a lonxitude das ramplas tanto do lado de Loño coma na marxe de Beigondo.

3. Acondicionamento das estradas de acceso para que poidan acceder os vehículos das dimensións establecidas pola lexislación aplicable.

4. Dotar estas instalacións dunha iluminación suficiente acorde coa función que desempeñan para evitar riscos de accidentes.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. Lembrarlle á empresa concesionaria a obriga de avisar adecuadamente cando hai avarías e de subsanalas coa maior celeridade posible, ademais de presentar unha xustificación do período de suspensión do servizo.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
Deputado e deputada do G.P. do BNG  
**Luis Bará Torres**  
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/12/2020 10:15:18**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/12/2020 10:15:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2020 10:15:36**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

### Exposición de motivos:

A industria hostaleira e turística esixe ao Goberno do Estado que adopte medidas efectivas de apoio ao sector, máis aló de presentacións grandilocuentes e discursos de apoio, pero en realidade baleiros de accións concretas.

Unha destas actuacións que levan tentando negociar co Ministerio de Reyes Maroto, que ademais aúna na mesma carteira Turismo e Industria, é unha reforma de lexislación anticuada que impide a empresas hostaleiras modificar libremente a potencia que teñen contratada coas compañías eléctricas.

A lexislación actual (artigo 79.6 do RD 1955/2000), regula o prazo de 12 meses como período establecido para realizar un único cambio de potencia contratada na subministración eléctrica, é dicir, un hotel, cafetería, restaurante ou establecemento de ocio nocturno só pode facer un cambio de potencia sen custo unha única vez durante 12 meses.

Esta circunstancia fai que por exemplo os hoteis de tempada teñan que soportar como custos unha potencia eléctrica da que non fan uso mentres están pechados, cuestión inxusta e desproporcionada mais aínda no contexto dunha pandemia.

Durante o estado de alarma decretado en España no mes de marzo o Goberno, de forma temporal, habilitou que as empresas distribuidoras puidesen atender as solicitudes de cambio de potencia ou peaxe de acceso, con independencia de que o consumidor modificase xa nos últimos doce meses, e que esa mesma empresa puidese solicitar a volta á súa situación normal ata 3 meses despois da finalización do estado de alarma.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Así moitos establecementos turísticos, de restauración e ocio nocturno reduciron potencia co peche de marzo e volveron recuperar a necesaria unha vez que abriron as súas instalacións á finalización do estado de alarma.

Pero a evolución da situación derivada da pandemia volveu a xerar unha gran cantidade de peches e suspensión de operacións e hoxe volvemos ter a situación na que moitos establecementos turísticos, de restauración ou ocio nocturno seguen sen que se habilite unha solución perdurable a estes cambios de potencia de subministración, incluso contando cunha nova declaración do estado de alarma que se ten prorrogado ate o 9 de maio de 2021.

Se o Goberno non reacciona para corrixir esta situación, os custos para o sector turístico e hostaleiro son moi cuantiosos e sumaranse, sen ningún sentido nin utilidade ás perdas acumuladas do sector.

Manter os custos de potencia ou peaxes de acceso nas condicións actuais pode supoñer un custo por establecemento de entre 7.000 e 30.000€ por establecemento durante os meses que permanezan pechados.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que proceda, de xeito inmediato, a regular a posibilidade de adaptar potencias eléctricas en función das circunstancias do mercado e sen custes económicos para as empresas dos sector turístico, hostaleiro e do ocio nocturno”.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/12/2020 13:03:39**

**Borja Vereza Fraiz na data 14/12/2020 13:03:54**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 14/12/2020 13:04:10**

**Cristina Sanz Arias na data 14/12/2020 13:04:23**

**José Antonio Armada Pérez na data 14/12/2020 13:04:43**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 14/12/2020 13:05:25**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/12/2020 13:05:42**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 14/12/2020 13:06:03**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero, e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

A xestión por parte do Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos limitou significativamente os recursos e persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras, o que supón una limitación de servizos para o mantemento do benestar e saúde da cidadanía.

A partires de que se inicia a EOXI en 2012 e tras a perda de condición de área sanitaria en 2018 o Hospital Comarcal de Valdeorras perde definitivamente a súa autonomía, capacidade de organización, de xestión, os seus recursos son parte dun cadro xeral adscrito a Área Ourense, O Barco de Valdeorras, Verin.

Nos últimos anos os servizos e profesionais limitáronse ata o punto de afectar significativamente a una poboación que ten un difícil acceso ao Hospital de Ourense, por tempo e recursos.

Así, nos últimos anos servizos como cardioloxía, dermatoloxía, traumatoloxía, cirurxía, rehabilitación, e a última é a de radioloxía, deixaron de funcionar ou limitaron significativamente as súas consultas ata o punto de que os pacientes teñen que desprazarse ao Hospital de Ourense para ser atendidos ou acudir a Ponferrada a consultas médicas privadas en moitos casos.

Con radioloxía está acontecendo o mesmo que cos servizos que se perderon nos últimos anos, a falta de incentivos que a administración autonómica ofrece aos profesionais fai que os servizos queden sen cubrir, afectando una vez máis especialmente aos hospitais comarcais, así coma centros de saúde.



Pouco a pouco o Hospital Comarcal de O Barco perde capacidade resolutive e recursos para ofrecer á propia cidadanía o dereito a una sanidade pública e próxima que garanta a igualdade de oportunidades con independencia de onde vivamos. A administración competente ten que evitar a perda progresiva de recursos técnicos asistenciais nun hospital que xa perdeu capacidade e facultativos en cardioloxía, uroloxía, traumatoloxía, dermatoloxía, cirurxía, urxencias, como consecuencia dunha xestión errónea por parte do goberno da Xunta que fixo perder coñecemento do medio asociado a una xestión a distancia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo un plan resolutive que garanta os servizos mínimos de xestión directa nos hospitais comarcais que reverta as limitacións nos servizos. E no caso do Hospital Comarcal de O Barco de Valdeorras a que elabore un plan inmediato para solucionar o que está a acontecer co servizo de radioloxía.”

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 17/12/2020 13:21:42**

**Julio Torrado Quintela na data 17/12/2020 13:21:55**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/12/2020 13:22:03**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o paso do buque Sevmorput polas costas galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de hoxe as galegas e galegos espertabamos coa noticia do buque ruso Sevmorput, que emprega enerxía nuclear para a súa propulsión e navega, avariado, cara Rusia situándose onte moi preto das Illas Canarias.

A previsión é que na súa viaxe se achegue á costa galega polo corredor de Fisterra que, neste momento, atópase en alerta por ventos de forza oito e ondas de ata cinco metros de altura. Isto podería producirse a semana que vén, mais a demora que pode acumular polas dificultades de navegación producidas pola súa avaría e o mal tempo fan difícil precisar a data con exactitude.

Despois de todo o que levamos vivido nas costas galegas por mor dos innumerábeis e graves accidentes marítimos sucedidos nos últimos anos, non é de recibo que, unha vez máis, esteamos a “velas vir” e sen tomar xa medidas.

Se a fatalidade fixese coincidir unha avaría total do Sevmorput ao seu paso polo corredor de Fisterra cun temporal, como é habitual nestas datas, poderíamos enfrontar, de novo, a unha catástrofe, mais agora con risco nuclear.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mariña Mercante anunciou que está a facer seguimento da ruta do buque, mais polo de agora non se teñen tomado medidas para evitar que entre en augas da zona económica exclusiva do Estado. Por suposto, tampouco nada se sabe de cal vai ser a resposta no caso de que o barco deba ser levado a porto se non puidera continuar navegando.

Diante do risco certo, deberíase garantir que o Sevmorput non tivera acceso ás augas das costas galegas e que non se van empregar as nosas rías como porto refuxio xa que a súa seguridade non ofrece ningún tipo de garantías. Tamén, o funcionamento dos protocolos de seguridade e actuación para evitar posíbeis riscos de que, unha vez máis, se produza un desastre ecolóxico, desprazando os medios necesarios de salvamento marítimo e tendo en conta o risco nuclear desta emerxencia.

Faise tamén imprescindible a monitorización continua da situación do buque, o seu emprazamento exacto e a evolución da avaría en tempo real. Ademais, os medios de salvamento, tanto aéreos como navais, localizados en Galiza deberían estar en alerta para actuar con axilidade no caso dunha eventual situación de alarma.

A coordinación e colaboración dos medios do Estado, de quen dependen as competencias en salvamento marítimo, e dos pertencentes á Xunta de Galiza e adscritos ao Servizo de Gardacostas, resulta non só lóxica senón que, nestes casos, absolutamente imprescindible en previsión de indesexábeis consecuencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xa no pasado mes de outubro este grupo parlamentar denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock España, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaría do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Dende aquela, segue a sucederse a falla de cumprimento manifesto por parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación, sen que nos conste que a Consellaría tivese velado polo correcto cumprimento das condicións de prestación do contrato. Moi ao contrario, Babcock España ten tomado distintas medidas coercitivas contra os traballadores e mesmo algún despedido aducindo “diminución continuada e voluntaria do traballo”.

O incumprimento sistemático das prescricións contractuais por parte da empresa e a situación intolerábel á que está a someter aos seus traballadores debora ser motivo de atención inmediata por parte da Consellaría do Mar, sobre todo porque se trata dun





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

servizo vital para a xente do mar e estanse a poñer en grave risco tanto as tripulacións como a resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

Os graves incumprimentos que denunciabamos no mes de outubro (manter case dúas semanas o Pesca 1 de Vigo sen flotadores, elemento de seguridade vital que o propio contrato recolle como obrigatorios), intensificáronse coa medida de Babcock España de seguir mantendo o helicóptero operativo sen flotadores mais limitando a operatividade a unha distancia á costa de 20 millas náuticas. Limitación da que a Xunta deba ter coñecemento.

O 30 de outubro, mentres o Pesca 1 de Vigo continúa nestas condicións, é solicitado o servizo para facer unha evacuación médica a unhas 90 millas das illas Cíes. Diante das limitacións do Pesca 1, a ese servizo tivo que acudir o Helimer 402 da Coruña que trasladaría ao capitán do buque quimiqueiro “Gogland” ata o aeroporto de Vigo.

A partir de aí, a empresa traslada ao helicóptero que ten na base de Viveiro á de Vigo con total operatividade e mantén na base da Mariña de Lugo un helicóptero de substitución que, de novo, non cumpre os requisitos esixidos no contrato. Mais o peor é que non é a primeira vez, xa que este helicóptero sen as capacidades suficientes para desenvolver o traballo con garantías leva na base de Viveiro case o 50% dos días de servizo no que vai de ano, é dicir, máis de 150.

A empresa Babcock España subscribeu no seu momento un contrato cunhas condicións claras e expresas que vén incumprindo impunemente. As consecuencias veñennas soportando os seus traballadores, con ameazas reiteradas e mesmo despidos e, o que é moitísimo máis grave, o sector do mar, para o que é imprescindible que o Servizo de Gardacostas de Galiza funcione correctamente e con todas as garantías.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Á vista de todos estes feitos, ponse de manifesto que a actuación da Consellaría do Mar queda máis que en entredito, pois non é xustificábel que se é coñecedora do que vén ocorrendo non teña actuado xa e non selo resultaría absolutamente inexplicábel.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está a Xunta de Galiza en condicións de asegurar que a Consellaría do Mar cumpre as condicións do contrato de adjudicación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza en canto ás prerrogativas que este lle outorga sobre control, inspección e penalizacións á empresa adjudicataria?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 11:05:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 11:06:01**

**Daniel Castro García na data 14/12/2020 11:06:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para revertir a situación de fuga de talento e emigración forzosa que sofre a mocidade galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mocidade galega vive unha situación límite, cun mercado de traballo marcado pola precariedade e a temporalidade laboral, cunhas altas taxas de desemprego e cun acceso á vivenda negado á mocidade, onde, actualmente, só 1 de cada 5 mozas galegas ten posibilidade de alugar ou mercar un inmovible.

Ante a falta de plans e ferramentas por parte da Xunta de Galiza para revertir esta situación, unha parte importante da mocidade galega vese forzada á emigración. Segundo datos da EPA, preto de 100.000 mozas emigraron do noso país da última década por non ter a posibilidade de desenvolver un proxecto de vida digno na nosa terra.

Isto é un grande problema para un país cada vez máis envellecido e que presenta un devalo demográfico importante, onde a mocidade representa cada vez menos peso na composición demográfica galega.

O Foro Económico de Galiza vén de publicar un informe que fai referencia aos custes económicos e tamén sociais da expulsión da mocidade do noso país.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este informe fai fincapé no fenómeno denominado “fuga de talento”, que non é máis que a emigración forzosa de mocidade cunha titulación superior que non xera ningún tipo de valor no noso país, ao non ter capacidade de desenvolver aquí a súa actividade.

O informe do Foro Económico de Galiza estima unha perda de entre **178 e 311,5 millóns de euros por ano** derivados dos custes de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país.

Nun contexto de crise industrial, laboral e demográfica como nunca viu este país, esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1500 nacementos menos, segundo o informe do Foro Económico de Galiza.

O propio informe advirte das dificultades no estudo desta cuestión, que se ben é fundamental para o futuro do noso país, “non se conta con estatísticas oficiais apropiadas”. Unha carencia, din, que pon en evidencia a “despreocupación” existente e a necesidade de procurar “datos específicos e obxectivos” para coñecer de primeira man as razóns e consecuencias da marcha forzosa da mocidade con titulación universitaria.

Para mudar esta situación son precisas medidas que atallen os problemas estruturais que padece a economía galega. Consideramos que é fundamental aproveitar as potencialidades de Galiza, apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, apostar porque o noso tecido produtivo teña crédito para levar a termo os seus proxectos de investimento.

A maiores das medidas xerais que impulsarán o dinamismo da economía galega, é preciso actuar de inmediato e de xeito concreto para que as mozas e mozos galegos teñan traballo digno na nosa terra, acorde co seu nivel formativo, e para aproveitar o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

investimento que supón ter a xeración mellor formada da historia e que reverta na prosperidade da nosa nación, impulsando o retorno ao país da mocidade emigrada.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as medidas a adoptar polo Goberno galego ante a problemática de fuga forzosa de talento que supón un custe de oportunidade a nivel económico, social e demográfico para Galiza e uns custes anuais millonarios?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 13:35:59**

**Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 13:36:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 13:36:32**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo de alerta sanitaria causada polo Covid-19. En concreto a Xunta informaba de que asignarían 500.000 novas horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, así como unha maior aportación económica ao servizo, respecto do SAF ordinario. En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia no SAF ordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o custe dos mesmos.

O día 30 de novembro a Xunta de Galicia anunciou que retira este servizo extraordinario aos usuarios dependentes que dada a situación epidemiolóxica estaban percibindo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que as condicións deste servizo teñen que ser as que motiven o SAF ordinario, tendo en conta que a aportación da Administración autonómica no SAF extraordinario foi de 12 euros por hora, e asumiu o copago dos usuarios.

As administracións locais fixeron un gran esforzo económico para paliar as consecuencias da pandemia provocada pola Covid-19. Un dos maiores gastos



locais para moitos dos concellos é o coste que supón o SAF pola ausencia da actualización da cota que a Xunta ten que aportar ao servizo.

Polo tanto nun momento de crise sanitaria, consideramos que é urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total de usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto, así como aumentar a aportación que fai por parte da Administración a este servizo polo menos aos 12 euros como si aportou no SAF extraordinario.

Por outra banda, dende que se iniciou a pandemia, moitos usuarios déronse de baixa voluntaria, feito que deriva en que esas horas non están a disposición de novas altas, pero tampouco se están aplicando. Polo tanto a Xunta ten que asumir o custo desas horas para evitar que as propias auxiliares teñan dificultades laborais ao non completar a xornada.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

Dende que ano non actualizou a Administración autonómica a súa aportación ao SAF?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 14/12/2020 15:55:49**

**Julio Torrado Quintela na data 14/12/2020 15:56:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación que se está a dar na atención sanitaria da comarca do Baixo Miño.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comarca do Baixo Miño está a padecer na actualidade unha situación sanitaria marcada polas deficiencias e o desmantelamento da súa sanidade pública.

Ademais de atoparnos ante unha comarca na que dende hai meses está pechado o consultorio de Goián e padece evidentes na deficiencias da sanidade pública no Concello da Garda, é necesario destacar tamén as carencias no centro sanitario de Tomiño. Unha localidade de 14.000 habitantes cunha atención sanitaria que está a amosarse totalmente insuficiente. Estas necesidades agrávanse debido ás condicións de dispersión poboacional que se dá, na comarca, así como debido a gran extensión territorial que abarca a atención sanitaria deste centro de saúde.

Así mesmo, no concello do Rosal, a veciñanza e o propio goberno local levan meses movilizándose para defender a súa atención primaria e denunciar os recortes na sanidade pública.

A esta realidade que supón importantes problemas para a veciñanza de toda a comarca, hai que engadir o feito de que a distancia e o tempo de desprazamento (case





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

hora) que separan estas localidades do hospital de referencia, implican que estes centros de saúde teñan que soportar unha maior demanda de pacientes, que en moitos casos se achegan ao centro de saúde con cadros médicos urxentes.

Pero se estes problemas coa dotación de persoal e as carencias dos centros de saúde son xa preocupantes de seu, a situación agrávase coa práctica habitual do ser SERGAS de non cubrir as ausencias dos profesionais sanitarios nestes centros de saúde. Con esta práctica na que non se lle dá cobertura as baixas, vacacións ou ausencias de calquera índole dos profesionais sanitarios, os cupos sanitarios increméntanse de xeito exponencial, o que conleva problemas e demoras na atención primaria que teñen un importante impacto tanto nos facultativos (con días nos que teñen que atender a máis de 50 pacientes) como na veciñanza (que se atopa privada das súas citas médicas por non haber substitutos)

Xa no que ten a ver co servizo de pediatría, a realidade agrávase máis se cadra. As carencias neste servizo en toda a comarca implican que en moitos momentos non se poida dar un servizo sanitario digno á poboación do Baixo Miño e que mesmo algúns dos centros de saúde, como o de Tomiño, fiquen sen atención pediátrica cando non se cobren as ausencias e algún profesional ten que realizar saídas para atender urxencias.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego atender ás demandas da veciñanza e dos profesionais sanitarios do Baixo Miño e abordar os problemas sanitarios desta comarca dotando os centros de saúde dos profesionais sanitarios necesarios e cubrindo as ausencias deste persoal?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/12/2020 13:19:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/12/2020 13:19:57**

**Iria Carreira Pazos na data 15/12/2020 13:20:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o centro de protección de menores Santo Anxo (Rábade) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o seu correcto funcionamento e o desenvolvemento do proxecto educativo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con doce centros de protección de menores. Un deles é o Santo Anxo, situado no Concello de Rábade, que ofrece acollemento residencial a rapaces e rapazas (de entre 14 e 18 anos) que se atopan baixo a tutela ou a garda da Xunta de Galiza porque non poden permanecer residindo coa súa familia. Alén diso, a maior parte dos internos, conta con expedientes xudiciais pendentes de resolver ou están cumprindo medidas xudiciais en medio aberto.

O Santo Anxo é, polo tanto, un centro de protección específico de menores con problemas de conduta, de acordo co disposto na Lei 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O obxectivo deste tipo de centros –en tanto que servizo público-- *é proporcionar ao menor un marco adecuado para a súa educación, a normalización da súa conduta, a súa reintegración familiar cando sexa posible, e o libre e harmónico desenvolvemento*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*da súa personalidade, nun contexto estruturado e con programas específicos no marco dun proxecto educativo.*

Porén, malia a traxectoria deste centro e a súa referencialidade, nos últimos meses veu rexistrando situacións graves que evidencian a imposibilidade de cumprir cos seus obxectivos.

Neste senso, e como puxeron en coñecemento da propia administración as traballadoras e traballadores do centro, foron frecuentes os casos de conflitividade das persoas internas, amotinamentos e fugas.

Situacións que lonxe de mellorar van en aumento até se volver, na práctica, constantes nun desafío permanente que impide ao persoal educador non só desenvolver o seu traballo senón garantir o dereito das rapazas e rapaces do centro a recibir a atención e educación que merecen e necesitan.

De feito, en diversos escritos dirixidos á Xefatura Territorial de Política Social da provincia de Lugo, o equipo de educadoras e educadores reclamou da Xunta de Galiza a adopción de medidas que permitan controlar e enfrontar a situación ao tempo que garantir o desenvolvemento do proxecto educativo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou e/ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir o correcto funcionamento deste centro así como, o desenvolvemento do proxecto educativo no Santo Anxo de Rábade?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2020 09:24:22**

**Iria Carreira Pazos na data 16/12/2020 09:24:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2020 09:24:32**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o transporte no encoro de Portodemouros.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1959 a empresa ***Hidroeléctrica Moncabril SA*** presenta unha solicitude de aproveitamento integral da cunca do río Ulla que se resolve mediante Orde Ministerial de 10 de novembro de 1962 pola que se lle ***outorga unha concesión para o aproveitamento integral da cunca do río Ulla mediante a construción de oito saltos denominados*** Belmil, Portodemouros, Ledesma, Lamas, Fornelos, San Paio, O Pereiro e Padrón, nos concellos de Antas de Ulla e Palas de Rei en Lugo, Arzúa, Boqueixón, Melide, Padrón, Santiso, Touro, Teo e Vedra na provincia de A Coruña, e Agolada, A Estrada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na de Pontevedra. **De todos eles só foi adiante o de Portodemouros.**

A anterior concesión foi transferida, tamén por Orde Ministerial de 8 de outubro de 1971, a favor da sociedade Unión Eléctrica S.A., e o 7 de xullo de 1979 a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas aprobou a transferencia a favor de Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A. (Fenosa).

Cando se realiza a obra a xente comeza a ver a realidade das dimensións do encoro e os problemas que vai xerar na comunicación. Antes había pontes dabondo para





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunicar as poboacións de ámbalas dúas marxes dos ríos Ulla, e iso para traballar as fincas e realizar a actividade económica e social indistintamente en ámbalas dúas marxes.

E así, a xente comeza a mostrar a súa disconformidade aparecendo as primeiras mobilizacións reclamando as pontes asolagadas e o dereito a se trasladaren dunha beira a outra do encoro. Son os cregos da zona, nada sospeitosos de criticar o réxime franquista, quen encabezan a organización destas protestas e as reclamacións administrativas. Chegaron ata a organizar unha viaxe a Madrid coa finalidade de entrevistárense con Franco para expoñerlle a situación de inxustiza á que se vían sometidos, mais este negouse a recibilos.

A concesión obrigaba a Moncabril S.A. a presentar un proxecto de reposición de servidumes. Construír nese momento unha decena de pontes era impensable e ademais a empresa sempre se negou á súa reposición. O que si se falou foi de solucionar o problema por medio dunha barca para comunica-las dúas marxes do río.

Por OM de 30 de Marzo de 1968 apróbase o proxecto de servidumes afectadas polo encoro de Portodemouros. Esta resolución é recorrida, e por OM de 21 de Febreiro de 1969 declárase a suspensión da resolución anterior.

Estudase a conveniencia de habilitar unha barcaza de paso coa finalidade de solucionar de forma proporcionada o problema de comunicación que se plantexa.

O 3 de marzo de 1969 publícase unha resolución pola que se lle obriga á empresa a presentar o devandito proxecto de reposición das servidumes. A empresa presenta un estudo para a instalación da barcaza e ábrese un período de alegacións. Os veciños e veciñas non están de acordo, recórren e seguen reclamando a ponte coma solución aos problemas de paso.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ábrese un período de negociacións sen que se chegue a ningún acordo satisfactorio para ambas partes.

Na madrugada do 17 de xuño de 1973, o día da festa de Beigondo (Santiso) á volta da romaría, morren afogados cinco mozos veciños de Loño. Cruzaban nunha barca de madeira feita sen as debidas medidas de seguridade por non haber outro medio. Botaron 19 días buscando neles. Houbo un funeral e unha grande manifestación de dor. Presidiu a celebración o arcebispo de Santiago que na súa homilía fixo alusión á inxustiza que supón a falta dun paso razoable. Debeu ser este feito e a furia que provocou nas xentes o que acelera o proceso de reposición das servidumes.

A Comisaría de Augas do Norte de España fixa 3 meses de prazo á empresa contados a partir do 9 de xaneiro de 1974 para que presente un proxecto de paso por medio dunha barcaza de acordo co expresado na OM de 21 de febreiro de 1969. ***Pasarían persoas, gando e un carro do país coa súa xugada que poida virar cargado dentro da barca.*** Tamén se obriga a habilitar asentos para acomodar a 12 persoas. A embarcación deberá estar deseñada para soportar unha carga de 15 Tm sobre a cuberta.

O proxecto sométese a información pública. Os concellos de Arzúa, Santiso e mailos veciños presentan alegacións que non son atendidas. Os veciños e veciñas continúan a reclamar as pontes, Fenosa responde que a barcaza cobre tódalas necesidades de comunicación.

O 27 de Marzo de 1974 preséntase na Comisaría de Augas do Norte de España o proxecto de paso da barca no encoro de Porto de Mouros

O MOP resolve aprobar o proxecto de barcaza por OM de Obras Públicas de data 22 de Maio de 1975 suscrito na Coruña en marzo de 1974 polo doutor enxeñeiro naval D. Domingo Álvarez-Arenas Caramelo e fixa un prazo de dous meses a FENOSA





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para que presente un novo proxecto dos accesos ós lugares de atraque e desatraque da barcaza.

Instálase a barcaza cun horario de servizo de 24 horas, 365 días ao ano e establécese a gratuidade para todos os usuarios.

A xente non está de acordo por considerar unha solución inadecuada para solucionar as necesidades de comunicación, pero aínda así entra en funcionamento. Convócanse mobilizacións de protesta e as reclamacións dos veciños e veciñas reciben a solidariedade de xentes de toda Galiza que acoden ás manifestacións.

En decembro do 77 hai un peche na Central por un período dun mes, ata mediados de xaneiro. Participan familias enteiras pechadas no túnel da Central. Fixeron lume porque ía moito frío, o fume penetrou na sala de máquinas causando interferencias no funcionamento da central. Daquela o lume acrecentouse coa queima de rodas e o fume aumentou. Viñeron os antidisturbios e houbo de todo: disolución da concentración e detencións de veciños que foron conducidos aos calabozos de Lalín. Manifestación multitudinaria en Lalín pedindo a liberdade dos detidos. Houbo xuízo na Audiencia de Pontevedra e 4 veciños foron condenados.

Debido a este conflito convócase unha reunión na Deputación de Pontevedra entre Fenosa, veciños e veciñas de 14 parroquias afectadas e os dous Gobernadores Cívís (Pontevedra e A Coruña) parece ser que propiciada polo gobernador de Pontevedra. A veciñanza acode liderada polo crego de Loño. A intención da reunión é a de buscar unha solución ó problema.

Os representantes das 14 parroquias afectadas reclamaban os pasos que posuían antes da construción da presa **ademais do acceso ás fincas que confinan coa cota máxima do encoro.**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nun momento da xuntanza o Gobernador Civil preguntou se construíndo a ponte de Coído (Beigondo) e Reboredo (Loño) podía quedar resolto o conflito. Os representantes veciñais reclamaban a restitución das pontes que posuían con anterioridade á construción do encoro. A continuación rematou a xuntanza sen acordo.

En Outubro de 1998 acontece un accidente no lago Bañolas en Girona. Morren 20 persoas nun accidente dun ferry o que provoca que se realicen inspeccións por todo o estado nas embarcacións dedicadas a transportes fluviais e se revisen as condicións de seguridade que estas deben cumprir.

No ano 2.002 aparece un cartel nas inmediacións da barcaza comunicando a redución da capacidade de carga de 15 a 5 Tm por non cumprir as condicións de seguridade. A xente volve alporizarse e constitúese a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros (17-06-2002) que canaliza as reclamacións.

Mantéñense negociacións co Presidente de Augas de Galiza, dependente nese momento da Consellería de Medio Ambiente, que é o organismo que ten as competencias para esixir que se cumpran as condicións do paso e se manteñan nunha situación óptima, e tamén con representantes de Fenosa. Reclamaban aumentar a capacidade de carga e mailas dimensións da barcaza e dos accesos para adaptar as condicións do paso ás necesidades actuais dos usuarios.

Fenosa presenta en 2005 un proxecto para redimensionar a embarcación e ábrese un proceso de alegacións. A empresa accede a adaptar a embarcación para soportar e transportar maquinaria dunhas dimensións de 13 m de longo e 20 Tm de carga sobre cuberta, ademais de persoas, vehículos utilitarios etc. Este proxecto apróbase o 4-1-2007.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Era de supoñer que para estas novas condicións se modificarían tamén as ramplas de acceso á barcaza que estaban adaptadas ás condicións anteriores. Tiñan 7 metros de ancho cos que non é posible que acceda un vehículo de 13m.*

A sorpresa dos usuarios púxose de manifesto cando comprobaron que non se modificaron as dimensións das ramplas. Comezan novos movementos de protesta veciñal, e fanse peticións de entrevistas coa Conselleira de M. Ambiente para esixir o incremento das dimensións das ramplas.

En 2.011 celébrase unha xuntanza no Concello de Vila de Cruces entre representantes da empresa concesionaria, Asociación de Afectados, Alcaldes de Santiso, V. de Cruces e un representante de Augas de Galiza, dependente por esas datas da Consellería de M. Ambiente, que era quen tería que esixirlle á empresa a adaptación das ramplas de acceso, posto que é este organismo o que ten a responsabilidade de velar polo cumprimento das condicións da concesión administrativa do encoro.

A Asociación de afectados demandaba un estudo de enxeñaría para fixa-las dimensións das ramplas de acceso e tamén establecer as condicións de seguridade. Ese estudo non se fixo e a empresa decidiu unilateralmente que cun aumento de 2m abundaba.

Os veciños puxeron obxeccións manifestando que consideraban que o ancho de 9m das ramplas era insuficiente para o acceso de vehículos de 13m de longo, tal e como se establece nas condicións da concesión, e que en todo caso non deberían ter unhas dimensións inferiores a 13m. O representante de Augas de Galiza non fixo ningunha intervención polo que os e as asistentes á xuntanza observaron un abandono de súa responsabilidade.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A proposta deste aumento de 2m na anchura, en toda a lonxitude correspondente de cada rampla en ambas ladeiras do encoro non se concluíu. Está realizada aproximadamente o 50% da obra coa consecuencia de que cando baixa o encoro temos unhas dimensión das ramplas aínda mais reducidas (7m).

O intento de acceder con maquinaria próxima aos 13m de lonxitude demostra que os 9m de ancho das ramplas son claramente insuficientes para que poidan acceder eses vehículos.

A barcaza cando se instalou no 1974 era un apaño de desguace, ten avarías frecuentes quedando sen servizo por períodos de tempo inasumibles para os usuarios. Hai que recordar que é un servizo público gratuíto prestado pola empresa concesionaria con cargo a súa conta de explotación e non pode interromperse salvo causa de forza maior.

Vaia como exemplo unha avaría mecánica acontecida no comezo de 2018. Os usuarios estiveron sen servizo cerca dun mes e nin os Alcaldes nin a Asociación de Afectados tiveron unha comunicación da xustificación do tempo de suspensión do servizo. Observouse que se traballaba na reparación dunha maneira ralentizada habendo unha soa quenda de traballo. Consideramos que ao ser un servizo público deberíanse axilizar os traballos.

A iluminación das instalacións é insuficiente chegando a non existir na vertente de Loño (Pontevedra) polo que consideramos que este feito incide nunha falta de seguridade para os usuarios provocando incluso que algún vehículo teña caído ó encoro por falta de sinalización.

As comunicacións da suspensión do servizo fanse cun cartel nas proximidades da embarcación, cando consideramos que se debería facer ademais por outros medios





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

(radios locais, redes sociais, Concellos etc.). Transporta unha media de 20.000 vehículos/ano e unhas 50.000 persoas aproximadamente.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Sabe o Goberno galego das penurias polas que pasaron e pasan as poboacións ribeireñas, principalmente as das parroquias de Loño e Beigondo na esixencia dunhas condicións mínimas de mobilidade ás que teñen dereito en base á concesión de explotación do encoro de Portodemouros e coma dereito básico de cidadanía?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2020 10:23:25**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/12/2020 10:23:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/12/2020 10:23:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A xestión por parte do Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos limitou significativamente os recursos e persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras, o que supón una limitación de servizos para o mantemento do benestar e saúde da cidadanía.

A partires de que se inicia a EOXI en 2012 e tras a perda de condición de área sanitaria en 2018 o Hospital Comarcal de Valdeorras perde definitivamente a súa autonomía, capacidade de organización, de xestión, os seus recursos son parte dun cadro xeral adscrito a Área Ourense, O Barco de Valdeorras, Verin.

Nos últimos anos os servizos e profesionais limitáronse ata o punto de afectar significativamente a una poboación que ten un difícil acceso ao Hospital de Ourense, por tempo e recursos.

Así, nos últimos anos servizos como cardioloxía, dermatoloxía, traumatoloxía, cirurxía, rehabilitación, e a última é a de radioloxía, deixaron de funcionar ou limitaron significativamente as súas consultas ata o punto de que os pacientes teñen que desprazarse ao Hospital de Ourense para ser atendidos ou acudir a Ponferrada a consultas médicas privadas en moitos casos.

Con radioloxía está acontecendo o mesmo que cos servizos que se perderon nos últimos anos, a falta de incentivos que a administración autonómica ofrece aos profesionais fai que os servizos queden sen cubrir, afectando una vez máis especialmente aos hospitais comarcais, así coma centros de saúde.

Pouco a pouco o Hospital Comarcal de O Barco perde capacidade resolutiva e recursos para ofrecer á propia cidadanía o dereito a una sanidade pública e próxima que garanta a igualdade de oportunidades con independencia de onde vivamos. A administración competente ten que evitar a perda progresiva de recursos técnicos asistenciais nun hospital que xa perdeu capacidade e



facultativos en cardioloxía, uroloxía, traumatoloxía, dermatoloxía, cirurxía, urxencias, como consecuencia dunha xestión errónea por parte do goberno da Xunta que fixo perder coñecemento do medio asociado a una xestión a distancia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta.

Ten algún estudio ou plan de acción para revertir o problema co servizo de radioloxía no Hospital Comarcal de O Barco de Valdeorras?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 17/12/2020 13:23:45**

**Julio Torrado Quintela na data 17/12/2020 13:23:57**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o paso do buque Sevmorput polas costas galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de hoxe as galegas e galegos espertabamos coa noticia do buque ruso Sevmorput, que emprega enerxía nuclear para a súa propulsión e navega, avariado, cara Rusia situándose onte moi preto das Illas Canarias.

A previsión é que na súa viaxe se achegue á costa galega polo corredor de Fisterra que, neste momento, atópase en alerta por ventos de forza oito e ondas de ata cinco metros de altura. Isto podería producirse a semana que vén, mais a demora que pode acumular polas dificultades de navegación producidas pola súa avaría e o mal tempo fan difícil precisar a data con exactitude.

Despois de todo o que levamos vivido nas costas galegas por mor dos innumerábeis e graves accidentes marítimos sucedidos nos últimos anos, non é de recibo que, unha vez máis, esteamos a “velas vir” e sen tomar xa medidas.

Se a fatalidade fixese coincidir unha avaría total do Sevmorput ao seu paso polo corredor de Fisterra cun temporal, como é habitual nestas datas, poderíámonos enfrontar, de novo, a unha catástrofe, mais agora con risco nuclear.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mariña Mercante anunciou que está a facer seguimento da ruta do buque, mais polo de agora non se teñen tomado medidas para evitar que entre en augas da zona económica exclusiva do Estado. Por suposto, tampouco nada se sabe de cal vai ser a resposta no caso de que o barco deba ser levado a porto se non puidera continuar navegando.

Diante do risco certo, deberíase garantir que o Sevmorput non tivera acceso ás augas das costas galegas e que non se van empregar as nosas rías como porto refuxio xa que a súa seguridade non ofrece ningún tipo de garantías. Tamén, o funcionamento dos protocolos de seguridade e actuación para evitar posíbeis riscos de que, unha vez máis, se produza un desastre ecolóxico, desprazando os medios necesarios de salvamento marítimo e tendo en conta o risco nuclear desta emerxencia.

Faise tamén imprescindible a monitorización continua da situación do buque, o seu emprazamento exacto e a evolución da avaría en tempo real. Ademais, os medios de salvamento, tanto aéreos como navais, localizados en Galiza deberían estar en alerta para actuar con axilidade no caso dunha eventual situación de alarma.

A coordinación e colaboración dos medios do Estado, de quen dependen as competencias en salvamento marítimo, e dos pertencentes á Xunta de Galiza e adscritos ao Servizo de Gardacostas, resulta non só lóxica senón que, nestes casos, absolutamente imprescindible en previsión de indesexábeis consecuencias.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da situación de grave risco que representa o paso do buque Sevmorput pola costa galega, vai demandar a Xunta de Galiza do Goberno estatal que impida o seu paso polas augas de zona económica exclusiva do Estado, nomeadamente polo corredor de Fisterra, e que garanta que as nosas rías non se empregarían como porto refuxio?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/12/2020 17:02:24**

**María do Carme González Iglesias na data 17/12/2020 17:02:28**

**Daniel Castro García na data 17/12/2020 17:02:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende os anos 80, as diferentes leis educativas que se aprobaron no estado foron cambiando en función do perfil ideolóxico dos diferentes gobernos. Pero a pesar do debate partidista que estamos a vivir nestes días, todas as leis educativas que tivemos até o de agora parten dunha estrutura semellante que no relativo as competencias das comunidades no ámbito educativo oscilan en función do nivel de centralismo ideolóxico dos gobernos estatais de turno.

A este respecto, non dubidamos que a LOMLOE supón avances innegábeis fronte a reaccionaria LOMCE e dende o BNG dámoslle a benvida a eses avances. Pero do mesmo xeito entendemos que non podemos conformarnos cunha lei que na práctica supón unha volta actualizada á lexislación educativa do ano 2006. Unha volta cara a LOE na que ademais se manteñen algúns aspectos da Lei WERT que puideron ser corrixidos e non se fixo. Aspectos como a periodicidade na renovación dos concertos educativos que se mantén nos 6 anos impostos na LOMCE (cando na LOE eran 4 anos)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra banda, no relativo ao ensino rural, non temos dúbidas de que ese é un eixo central para o ensino público galego. E se ben é certo que na nova lexislación educativa hai un apartado referido a este aspecto, o que consideramos positivo, non é menos certo que a redacción dalgúns dos puntos relativos a estes apartados pode facer que o desenvolvemento desta lexislación implique unha merma da oferta educativa no rural, tanto no último curso da ESO como nos bacharelatos.

Tamén nos resultan preocupantes as declaracións do presidente da Xunta de Galiza sobre a LOMLOE e o papel do galego non ensino. E preocúpanos porque é falso que a LOMLOE supoña ningún ataque ao castelán. O discurso do PP de Galicia e de Nuñez Feijóo asumindo o discurso máis reaccionario da ultradereita ten como único obxectivo afondar no odio á lingua galega, na diglosia e en empregar o galego como arma política aínda que sexa a costa da perda de falantes

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Pensa a Xunta de Galiza aplicar a lexislación vixente e suprimir no próximo curso os concertos educativos aos centros que segregan alumnado por sexo.?
- Vai a Xunta de Galiza consensuar cos axentes lingüísticos e educativos a redacción dun novo decreto sobre o uso do galego no ensino que optimice as posibilidades da nova lexislación para empregar o galego como lingua prioritaria no ensino?
- Vai a Xunta de Galiza consensuar cos colectivos e organizacións que traballan na diversidade a redución de ratios que se contemplan na LOMLOE para as aulas nas que se escolarice alumnado con NNEE?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 18:40:59**

**Daniel Castro García na data 10/12/2020 18:41:05**

**Mercedes Queixas Zas na data 10/12/2020 18:41:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para proceder á reactivación da Atención Primaria en Meis, Meaño e Vilaxoán.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante da pandemia ocasionada pola Covid 19 a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, e o peche de algúns centros de saúde e PACs e practicamente a totalidade dos consultorios.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centrara case exclusivamente en consulta telefónica, teoricamente para evitar contaxios tanto dxs profesionais como da poboación. Isto ocasionou moi graves problemas na prestación da asistencia sanitaria por parte das e dos profesionais e no acceso da poboación á mesma.

A Atención Primaria baixo mínimos a pesares de que é chave na asistencia sanitaria, que neste ámbito asistencial se resolven a maior parte dos problemas de saúde da poboación; a pesares de que todas as persoas expertas coinciden en que na loita contra a Covid-19 a Atención Primaria é fundamental, a detección precoz, detectar positivos, identificalxs, illalos, facer rastrexo de contactos...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Unha Atención Primaria baixo mínimos para atender ás persoas contaxiadas por Covid e ao resto das patoloxía, a xente segue enfermado e segue precisando atención sanitaria.

Estas restricións aplicadas en xeral á Atención Primaria, son especialmente graves no que respecta aos centros de saúde de menor dimensión, dos concellos rurais e aos consultorios, como é o caso dos concellos de Meaño e Meis ou o consultorio de Vilaxoán en Vilagarcía.

Meses despois de iniciada a pandemia pola Covid 19 mantense o peche do consultorio de Paradela e de Vilaxoán, non se repuxo a atención pediátrica nin en Meis nin en Meaño, a pesares de que por parte do Sergas se tiña anunciado que só ía ser temporal o desprazamento ao concello de Sanxenxo; eliminouse o servizo de matrona en Meis, non se substituíron as xubilacións de persoal médico producidas tanto no Centro Médico de Dena como no de Meaño e seguen as restricións para acceder á atención presencial con demoras de días para obter cita.

Unhas restricións e recortes que se suman a unha situación previa de deterioro, e que supoñen perda de servizos especialmente nestes concellos rurais.

